



**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a Alcaldía, con data de 04-10-2021, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

---

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO:** CESE E NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE

**EXPEDIENTE:** 2021/G003/001107

Celebradas as eleccións locais no ano 2019 e constituída a nova Corporación, mediante Resolución da Alcaldía de 3 de xullo de 2019 (523/2019), procedeuse ao establecemento da organización municipal e, en particular, á designación da primeira Tenente de Alcalde.

Considerando que a labor do goberno municipal ten que descansar sobre os principios de cooperación, lealdade e coherencia, e que o paso do tempo constatou unha perda de confianza na concelleira que detenta a 1<sup>a</sup> Tenencia da Alcaldía

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 4 e 8 do Regulamento orgánico municipal (ROM), artigos 20.1.a), 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 46 do R. D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde é competencia desta Alcaldía.

Considerando que, de acordo co artigos 8 ROM, 23 LRBRL e 46 do ROF, o nomeamento dos Tenentes de Alcalde debe facerse entre os membros da Xunta de



Goberno Local e visto o Decreto desta Alcaldía de 4 de outubro de 2021 (res 1049/2021), onde se cesan e nomean novos membros da Xunta de Goberno Local.

En virtude do exposto e en uso das atribucións que me confire a normativa citada,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar como Primeira Tenente de Alcalde a Dona Uxía Lemus de la Iglesia.

**Segundo.-** Nomear como Tenentes de Alcalde as/os seguintes concelleiras e concelleiros, membros da Xunta de Goberno Local, pola orde que se indica:

Primeira Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup>. María López Álvarez

Segundo Tenente de Alcalde: D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

**Terceiro.-** Corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

**Cuarto.-** Notificar este Decreto á/ao Tenente de Alcalde nomeados, facéndolle constar que terán que manter informada á Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa/Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas pola alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

**Quinto.-** Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, notificándose persoalmente á cesada e aos nomeados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos e na web municipal, ser prexuízo da súa efectividade dende o día da presente resolución.



**CONCELLO DE TEO** (A CORUÑA)

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital do presente.

Vº e Prace  
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz